48

ATENEA

ateneo ferrolán





Foto: Xoán Porto

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 48
Xuño 2021

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Coordinación
SONIA MAURIZ PEREIRA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

RESCATADO

Nesta Revista Atenea do 3º trimestre de 2021, toca escribir unhas verbas sobre o Patrimonio do Ateneo Ferrolán, sobre todo para informar que, a partir de xullo e setembro, recibirase, no local social do Ateneo Ferrolán, os seus fondos patrimoniais. Quedando a disposición e gozo dos socios e demais cidadáns de Ferrol e a súa contorna, pero tamén mais aló. Os envíos encomenzarán a partir do 7 de xullo e retomaranse o día 1 de setembro.

As travesías, sexan por mar ou por terra, aínda planificadas, poden sufrir reveses, algúns moi duros e dolorosos, que poden impedir continuar as mesmas, neste caso, houbo que superalos con decisións nada sinxelas e obrigados polo deixamento de quen non foi capaz de afrontar, con decisión, a superación dunha ruta que abocaba ao fracaso. A pesares das advertencias e avisos para corrixir o rumbo, os que tomaron as decisións do traslado non tomaron as medidas de precaución que eran necesarias para continuar a travesía a bo porto. Esta situación obrigou a trazar un novo rumbo para rescatar o esencial e verdadeiramente importante; o **Patrimonio do Ateneo Ferrolán**, e que este se custodiara na súa sede.

Digo isto, ainda que non pareza, non queremos mirar atrás, so pretendemos sinalar os acontecementos mais relevantes e recentes dos que, singularmente, indicaremos 3 decisións de enorme e transcendental relevancia que nos sitúan no de hoxe, a saber:

Os Socios do Ateneo en Asemblea Xeral extraordinaria, por certo, moi numerosa, aprobamos, non sen dor e certa tristura, pero moi conscientes de que nos xogábamos, propoñerlle ao Concello de Ferrol que mercará os bens e que o depositario e custodio dos mesmos fose o Ateneo Ferrolán.

Como se supón a esta decisión non se chega de repente, chegouse logo de esgotar, ata a extenuación, todas e cada unha das posibilidades para evitar a venda dos bens ao Concello.Todos estes esforzos non deron o froito desexado - non foi posible - Neste proceso de decisión participaron, como xa diximos, moitas socias e socios, colectivamente e individualmente,

Polo seu cargo, e sen minusvalorar a ninguén, penso que corresponde sinalar a Suso Basterrechea, que estivo a participar nas Asembleas e moitas das reunións celebradas, en calidade de socio e como concelleiro de Cultura do mandato anterior, sendo Alcalde Jorge Suarez, foron quen de levar ao pleno do Concello a proposta de adquisición dos bens do Ateneo Ferrolán, que se atopaban na empresa que os gardaba. Logo de moitas xestións, taxacións, limar asperezas, etc, o pleno celebrado o 27 de xullo de 2017, na sua páxina 76 en adiante, no seu punto 19, trátase a moción do grupo municipal *Ferrol en Común*, apoiada polo partido socialista e dirixida ao pleno en defensa dos fondos do Ateneo Ferrolán. **Moción que foi aprobada sen ningún voto en contra.**

Esta decisión veu precedida dunha forte campaña, outra mais, do Ateneo Ferrolán con todo los grupos políticos da corporación que nos transmitiron a súa disposición e acordo en facilitar a decisión.
Esta decisión tivo o seu remate agora, xullo de 2021. Con Angel Mato de Alcalde e Antonio Golpe como concelleiro de cultura, quen finalmente executaron o acordo plenario de Xullo de 2017, sorteando as opinións de agoireiros que nin estaban nin están pola labor, como se di coloquialmente, de resolver as cousas. Por suposto, entre eles, non había ningún Concelleiro aos que estamos moi agradecidos.

O título **"RESCATE"**, ten pleno sentido, porque os bens do Patrimonio de Ateneo Ferrolán, tal e como se coñecían e se coñeceran, pasan a estar a disposición, outra vez, de todas e todos, e son moitos os que xa manifestaron a súa intención de visitarnos, realizar consultas, estudios ou traballos. Nos os agardamos e estaremos ao seu dispor.

GRAZAS POLO APOI INCONDICIONAL RECIBIDO DURANTE ESTES ANOS, NON FOI BALDíO, XA ESTÁN AQUí, TODOS, SEN FRACCIONAR. AGORA TOCA DISFRUTALOS.
COIDAREMOS DESTES BENS CON PROFESIONALIDADE E MOITO AGARIMO.

XABIER M. DONGIL



O MIRADOIRO VERDE

CLUB MONTAÑA FERROL

XAN RAMÍREZ




Fotos: Club Montaña Ferrol

SENDEIRISMO: CULTURA, DEPORTE TURISMO, BREVE RESEÑA NO XEODESTINO FERROLTERRA – EUME – ORTEGAL

O **Club de Montaña Ferrol**, que volve á vida como o Ateneo, no ano 74 (renacido como Ateneo despois dunha vida previa antes do golpe do 36, igual que aquel Club Alpinista Abrente, que tamén morreu no 36), aínda sendo unha entidade deportiva, por ter unha cancha de xogo ilimitada, como é todo o territorio, aínda que con finalidade de promoción deportiva, actúa de feito como a terceira oficina de turismo de Ferrol: é mais, cando alguén pregunta algo de rutas en natureza, xa non é a primeira vez que algunha oficina "oficial" desvía o seus usuarios á nosa sede.

Como todos os camiños, son auténticos contenedores de cultura, queremos facer de forma breve unha análise, nesta revista Atenea, non demasiada pormenorizada da comarca en xeral, diante da cantidade de veces que nos fan preguntas ó respecto e o grande descoñecemento dos munícipes en xeral. Pola experiencia que temos, o responsable político da área cambia cada catro anos, e son proclives a que cando chega algún proxecto externo ben presentadiño a todos lles parece estupendo, sen preguntar a quen sabe. Iso case sempre se traduce nunha certa malversación (no bo sentido da palabra) de cartos públicos.



GRANDES RUTAS

CAMIÑO A TEIXIDO: sen dubida o mais noso, o mais galego ata o 93, cando Portomeñe lanza a marca comercial "Xacobeo". A modo de anécdota, miña nai que cumpriría 100 no 23 e pasou a súa infancia en Betanzos dicía que a xente viña a San Andrés, a Santiago íase ó médico!. E isto pode aplicarse no Camiño Inglés. Durante 15 anos, e recollendo a chama que prendera o Concello de Narón, con base ó percorrido de Frai Martin Sarmiento (1755), fixemos eses 50 km dun tirón, para o que utilizamos un logo (o Sanandresiño de pan), e unha frecha verde. Recuperamos vellas trazas, e aínda quedan por recuperar aquelas con presenza de milladoiros, e camiños antigos que pasaban por rueiros hoxe deixados a un lado do camiño, con pendentes aptas para carros e romeiros (ollo... non son peregrinos!), non como certas propostas, dificilmente defendibles e camiñables.

Chegamos a facer unha viaxe de presentación dos Alcaldes e concelleiros, que coñeceron sobre o terreo a traza. Todo boas intencións. Pero os políticos pasan e os camiños quedan.

O GDR–PRODER Costa Ártabra, no seu día sinalizou con paneis e fitos de pedra, aínda que preferiron o asfalto a complicarse a vida. Foi curioso, porque a proposta dos expertos foi unha sinalización coa Cruz de Malta e o Peixe. Os Cabaleiros de Malta, que dixeron que podía utilizar a Cruz, pero en todo caso a proposta, non era a recoñecida por eles, no seu manual de imaxe. Diante da nosa idea de facer un logo que fora a imaxe comercial do camiño, optouse polo fácil...quedou so o peixe neutro, é impersoal e utilizada para moitas outras cousas cun par de trazos.

A Secretaria Xeral de Turismo, nun momento de lucidez, marcara os camiños no Concello de Cedeira. En vista de que marcaban itinerarios, que nos acabaramos de abrir, ca única idea de facelo mais "camiñable", pero a sabendas que non era o "tradicional"; intentamos facerlles ver o seu erro. Imposible! : " E que vostedes non coñecen o proxecto". Quince anos nos camiñándoo.... Pois vale!



Tamén a Deputación pagou o Camiño do Norte a Teixido, dende Mañón. Ó pouco tempo xa nin se podía facer. Isto é o que nos chamamos eufemisticamente "mala-inversión" que é como malversación pero mais suave .

Anos despois para marcar Costa Ártabra, a Deputación pagou a retirada da sinalización da Xunta, outra "rara-inversión" de cartos públicos
Dende o 2013 non voltamos a facer a ruta, polo que quedou abandonada e a día de hoxe e pola novas que nos chegan, non é recomendable.


No xaneiro prepandémico do ano 2020, percorrimos os 5 tramos mais interesantes, comprobando o seu abandono. Isto deu lugar a un informe, que pasamos ós concellos, so agradecido por Narón. Este concello dende turismo intentou facer un traballo de recuperación, e o concello de Cedeira "tirou" uns 17.000€ noutra errónea e feble resinalización, do que tamén emitimos un informe. Como dixo a Profesora Mavi Lezcano, cuio doutorado versou sobre o Camiño a Teixido, facedes traballos que a empresa privada cobraría uns bos cartos, e non vos teñen en conta.

Polo que parece a mancomunidade está por retomar o tema, pero particularmente se os concellos non toman carta no seu territorio, será inútil.., non obstante, todos na súa web se apuntan ó Camiño



Por certo, os escoceses lévanos anos de vantaxe, cos camiños do seu Santo Patrón... que casualidade Sta. Andrews!!!

https://www.thewayofstandrews.com/



CAMIÑO INGLES

O camiño xacobeo, con menos referencias para o camiñante, case nen ten publicacións ó respecto, excepto cuestións testemuñais como un folleto de Ferrol Metropoli ou unha colección de folletos de edificios e elementos patrimoniais cunha soa edición, así como un pequeno libriño editado no seu día por A Nosa Terra, ou unha modesta guía autoeditada recentemente por unha veterana montañeira, Marta Trueba. Pero nada que valga para orientar ó camiñante. É incrible que o máis acudido sexa a guía de Eroski.

https://caminodesantiago.consumer.es/
https:/caminodesantiago.consumer.es/los-caminos-de-santiago/camino-ingles

Iniciativas como a que lle fixemos a Deputación, dun A3 cos elementos e traza no concello de Ferrol, foi rexeitado por: "falla de material", como así colga na contestación que temos na parede do local social. Non sabemos se non tiñan tinta ou papel.

A "auditoría" que lle presentamos ó concello de Ferrol, no 2016 debe descansar no caixón do concelleiro do ramo, pese a que cada vez que hai cambio falamos do tema e axuntamos copia.

É curioso, que se propoñan reunións sociais sobre o camiño, e a meirande parte dos participantes... non camiñan! O certo é que a nos, non nos chega invitación algunha.

E o único camiño que conta co imaxe propia ..e que non se usa. E que a estas alturas Ferrol, non dispoña dun albergue propio, simplemente é unha vergoña que da imaxe da nefasta xestión que se fai deste rico elemento turístico

GR 50 – RUTA DO MEDIEVO

Un proxecto radial dos anos 90, de 3 sendeiros GR, desenvolto por S.M Ártabros con forte apoio da deputación, homologados, con saída en Chelo (Betanzos) quedou so nun. É incrible que a xente aínda pregunte por el, e que haxa publicacións oficiais (as guías do parque das Fragas do Eume por exemplo) que o recollan). Moi asfaltado, e descatalogado e sen ningún mantemento dende fai uns 20 anos. Nunca foi recorrible dun xeito lóxico pois as etapas remataban en puntos de interese, pero non en zonas de servizos, co que as pernoctas das 6 etapas eran complicadas.

RUTA DOS CASTELOS E MOSTEIROS: (San Sadurniño, Capela, Pontedeume)


O GDR-LEADER Euroeume, quixo lanzar unha iniciativa circular, con traza aproximada proposta por nós, e desenvolto pola empresa GIMENA, e que nos propuxemos como Camiño dos Andrade, para unir moitos dos seus elementos. A idea era entrar nos circuítos circulares que se están a poñer en boga e funcionan moi ben a nivel de público, como en Pirineos, Picos, etc. ó final quedou so marcado un tramo que para colmo so collía un mosteiro e un castelo, por suposto o tempo borrou case todas as marcas.

GR55: (NOVO CAMIÑO A TEIXIDO DENDE BETANZOS)

A Deputación da Coruña quixo, sen preguntar previamente, retomar a idea da Ruta do Medievo, pero actualizándoo e por suposto homologándoo segundo criterio dos manuais FGM-FEDME. A idea de fondo era dar unha alternativa ó Camiño Inglés, con continuidade ata Santo André.

O proxecto, pese a contar co apoio de tódolos concellos, nos xa avísamos dende o principio que ía ser moi complicado pola situación do territorio. A contratación dunha empresa allea ós manuais de marcaxe de sendeiros, fixo que dende o principio o sendeiro non puidera ser homologado, por mais que dende a Federación Galega de Montañismo se apoiou o máximo posible.

Fíxose un folleto, cunha carpetiña, pero non é serio intentar vender un camiño irrealizable. Os concellos, a Mancomunidade e varios organismos mais seguen a ofertalo: un fraude!



A COSTA ÁRTABRA DE FERROL

Cando xa tiñamos claro que despois de 15 anos non iamos seguir apostado nós sos polo Camiño A Teixido, empezamos a vislumbrar a posibilidade de facer un circular por Ferrol con eses 50km. Habería posibilidades?, pois nun primeiro deseño se nos foi a 65km!, tivemos que recortar:



A Malata, Feira do 2, Serantes, Chamorro, Mandía, Montes de Lagoa, as praias de Cobas con faro Prior como logo, Esmelle, San Xurxo, Doniños e a súa lagoa, Monteventoso, Montes do Cha, Brión A Cabana e a Malata, en definitiva: todo o Concello Constitucional de Serantes!. Marcámolo (anualmente o revisamos), dinamizámolo unha vez o ano (excepto na pandemia) facendo os 50km dun tirón. Fixemos un folleto que reeditamos de cando en vez actualizado, e fixemos un libriño de peto, co mais interesante do percorrido a nivel patrimonial e natural. Cada vez que lle propoñemos o concello a disposición mesmo, e da igual a cor municipal, é como berrar dende un cumio ..so nos oímos nós.

E interesante que de repente algún munícipe intente deixar pegada cunha idea soberana: por exemplo a ruta das baterías de costa, remites o folleto e dis: a pouco que nos poñemos isto que temos feito é iso, non será mellor facer sinerxías coas iniciativas?.. "ah! Moi interesante" ...e de novo o eco do val!. En fin ..nos ó noso.

RUTAS DO PARQUE DAS FRAGAS DO EUME.

Hai un primeiro prantexamento feito polo Club, encargado polo primeiro director, que casualmente perdese o cambiar a dirección do parque, pero que logo na práctica e case o que está a día de hoxe.

É curioso atopar cantidade de xente perdida polas Fragas, sinal inequívoco de que a marcaxe é cando menos insuficiente. Iso si na estatística o Parque arrasa, claro que so contamos Caaveiro! A parte de As Pontes–A Faeira/San Pedro do Eume, é como se nos existise, que chegue ata Lugo (Xermade) é un dato que descoñece case todo o mundo, aló pola zona de Lagares (sempre estará no noso imaxinario o leiteiro deste lugar) ou Xestoso Alto e Baixo, todos este lugares con veciños ós que lles aplican as normas proteccionistas pero que pouco notan en contrapartida a cambio polo seu mérito de que cheguen esas fragas ata nós a día de hoxe. Hai iniciativas cuasi individuais, como o Portal da Capela, empeño do propio concello cando a Xunta os deixa sen referencia algunha, ou os miradoiros de Teixido ou San Bartolomeu, por parte veciñal, etc.

Os parques son un referente público para que a xente poda coñecer entornas naturais concretas e diferenciais ..se non se poñen as facilidades, mal imos.

OUTROS ITINERARIOS CAMIÑABLES

No seu día 6 Sendeiros foron recoñecido na comarca pola extinta Turgalicia: 2 en Ferrol, e un 1 en Neda, en San Sadurniño, outro na Capela e outro en Cabanas, por certo este último o concello aínda o sigue nomeando cando xa vai boa! Todos por falta de mantemento foron deshomologados.

No setembro do 2020, contra “vento e pandemia”, conquerimos botar a andar un que lle chamamos “Terras Altas de Cabanas”. Cando falas de Cabanas todo o mundo pensa na praia. Hai 3 parroquias, Sta. Cruz, Soaserra e Regoela, que ó longo de 24 km con moi pouco asfalto, podes ver castros, mámoas, capelas, pontes, fontes, muíños e un longo etc de riqueza patrimonial, natural e paisaxística como dicimos nós.. ”aquí al ladiño”, o concello aposta por ela, e esperamos que sexa un percorrido agradecido por todos os camiñantes.

Poderíamos falar do noso proxecto de “Belelle, un río de ideas”, 15 anos traballando sobre un recurso turístico natural e pedagóxico de primeira magnitude e non so non vai para adiante senón que vaia atrás.

Na zona de As Pontes hai que facer mención a dúas rutas homologadas, traballo feito polo club local “Caxado”, pero tamén nesa zona un recurso histórico que daría para un monográfico, é o camiño dos Arrieiros, do que todo o mundo fala, pero que ningunha administración (e iso que o Alcalde de As Pontes e o Presidente da Deputación) o pon en valor 4.000 anos de camiño e seguen pasando! Con destrución de mámoas como temos denunciado, de cruces, e un longo etc. Editando un primeiro e único mapiña turístico, nunca mais reeditado.

E por ir rematando, facer so mención de que a Mancomunidade está a marcar moitos sendeiros cun código QR (iso está moi de moda, e esta moi ben...se hai cobertura), só un aviso: ollo, moitas son rutas de hai moito tempo e non se saben como están. Outras son proxectos xa esquecidos no tempo (a rede de sendeiros de Ares por exemplo), outros non se corresponde coa realidade actual. E o que ten cando se “corta e pega” directamente da rede, aproveitándose do traballo doutros e sen confirmar as rutas.

Pero non se preocupen que en FITUR, cola de todo! Menos mal que os políticos pasan e os camiños quedan.



Xan Ramírez
(Presidente do Club Montaña Ferrol, técnico Sendeiros da Federación Española de deportes de Montaña, ex-directivo do Ateneo Ferrolán)

GRANDES RUTAS (ligazóns)

Camiño a Teixido

http://teixidoape.blogspot.com/
http://15anosateixido.blogspot.com/p/o-camino.html
http://www.naron.es/web/cat/es/ocio/rutas/get/4
http://turismo.naron.es/es/conoce-naron/que-visitar/espacios-naturales/camino-san-andres-de-teixido
https://visitferrol.com/camino-a-san-andres-de-teixido/
http://turismo.cedeira.gal/wp-content/uploads/2017/07/Itinerario-ruta-Ferrol-San-Andr%C3%A9s-ESP.pdf
http://www.concellodevaldovino.com/?q=es/node/204
http://www.turismoferrolterra.es/es/camino-a-san-andres-de-teixido/
https://caminoasanandres.com/
http://valdovino.com/san-andres-de-teixido

Camiño Inglés

https://visitferrol.com/ruta-de-camino-ingles/
http://turismo.naron.es/es/conoce-naron/que-visitar/espacios-naturales/camino-ingles-santiago-de-compostela
http://neda.es/es/turismo/camino_ingles/
http://www.fenecidadan.es/turismo/camino-de-santiago/es
http://www.cabanas.gal/es/taxonomy/term/125
https://pontedeumeturismo.es/el-camino-ingles/
https://caminodesantiago.consumer.es/https:/caminodesantiago.consumer.es/los-caminos-de-santiago/camino-ingles

GR 50 Ruta do Medievo

http://www.senderosgr.es/es/gr-50-rota-do-medievo/
http://www.juanholgado.com/senderismo/GR50%20Ruta%20do%20Medievo/Pr%F3logo/Pr%F3logo.htm

Ruta dos Castelos e Mosteiros

https://www.agroalimentariadoeume.org/euroeume/arquivos/darq_15.pdf

GR55: Novo Camiño a Teixido dende Betanzos

https://voltamontana.com/eventos/

ARTIGOS

ZONA PRESS

Nº 24 / PRIMAVERA 2021 / 2 €

PHOTAGONISTAS
RAQUEL CARRERA
ANNA MONTAÑANA

A FORZA DA UNIÓN LOGRA O ASCENSO

BAXI FERROL



O luns 24 de maio tivo lugar a presentación da revista de baloncesto Zona Press no Ateneo. O número 24 da publicación dedica a portada e o 30% do seu contido ao ascenso do Baxi Ferrol e ese foi o motivo de realizar a presentación na cidade.

Óscar Losada, editor e director da revista, estivo acompañado por Lino López, técnico da escuadra, a capitá Patricia Cabrera, que volverá vestir as cores do club, e Natalia Rodríguez, xogadora que renovou para a próxima tempada.

O responsable da revista salientou o compromiso co baloncesto feminino e subliñou que toda a portada facía referencia a mulleres, posto que ademais do Baxi aparecían os nomes de Raquel Carrera e Anna Montañana. A xogadora galega, que acaba de xogar o Eurobasket, e a histórica ala-pívot foron entrevistadas para este número.

Cabrera e Rodríguez levan varios anos xogando en Ferrol e manifestaron a súa ledicia por seguir formando parte do cadro de xogadoras do Universitario. O técnico dixo que continúan “por méritos propios. Son persoas identificadas co club e saben traballar a prol do colectivo”.

A importancia do colectivo para acadar bos resultados foi un dos temas tratados na charla. Patricia Cabrera manifesta que viviu no Uni “o mellor e o peor nese apartado, xa que o ano do descenso tivemos un conxunto no que había xente que ía por libre e paseino moi mal por esa falta de unión. Con Lino sempre tivemos moi bos vestiarios e iso é fundamental”. O preparador comentou que o día anterior desbotara a fichaxe dunha xogadora porque aínda que lle interesaba na pista tiña moitas dúbidas no aspecto persoal.

Natalia Rodríguez pensa que vai seguir mellorando con Lino López. “Vin aquí con dezaoito anos. Nestas tempadas aprendín a ler mellor o xogo. Mellorei bastante aspectos defensivos e tamén ofensivos. Quero seguir dando pasos adiante como fun facendo estes catro anos”.

No que atinxe á evolución do club, o preparador manifestou que “está agora máis profesionalizado. Hai máis xente traballando. Sempre se tentou dar o máximo e aprendeuse coa experiencia das tempadas na máxima categoría. A masa social medrou moito. Antes era un club practicamente descoñecido e agora as xogadoras son recoñecidas na rúa. Cando estabamos competindo en LF-2 ás veces tiñamos que compartir pista e agora iso é impensable”.

Patricia considera que a entidade “medrou bastante nestes anos e a nova directiva quere que aínda se mellore máis. Por moito que se profesionalice non vai perder a esencia familiar e iso é importante”.

Natalia coincide en salientar esa mellora do club, “que se ve claramente nos detalles da pista en exclusiva para nós ou na forma de viaxar. Faime ilusión que a xente da canteira nos pida fotos ou camisolas”.

“Por moito que se profesionalice non vai perder a esencia familiar e iso é importante”

Patricia Cabrera

“Faime ilusión que a xente da canteira nos pida fotos ou camisolas”

Natalia Rodríguez

Reinvindicar un ben patrimonial: A casa natal de Carvalho Calero, panorama actual e iniciativas para a súa posta en valor

ASOCIACIÓN CULTURAL FERROLTERRA ANTIGA
(Antonio Casal, Rubén Labisbal, Manuel Pita)



Foto: faceebook Ferrolterra Antiga

Contexto:

Once anos van dende que o Concello de Ferrol mercara a vivenda natal de Ricardo Carvalho Calero e os contiguos inmobles 49 e 47 da rúa San Francisco. Neste espazo de tempo a degradación e deterioración dos inmobles ten sido manifesta, inserta no longo proceso de decadencia do barrio histórico de Ferrol Vello. Isto ante a pasividade e innactividade dos diferentes gobernos locais, que ata a data teñen sido incapaces de materializar ningún proxecto para a casa natal de Carvalho Calero.

Once anos de promesas e expectativas non satisfeitas, nos cales, por outra banda, as entidades culturais da cidade, non teñen cesado de reivindicar a memoria de Carvalho e, paralelamente, solicitar a rehabilitación da casa natal.

A este respecto, indicar que as reividiciacións e conmemoracións entorno vivenda da casa natal xa tiñan un logo percorrido previo, dende que no ano 1981, aínda vivo Ricardo Carvalho, a Socidade Cultural Medulio sinala a vivenda cunha placa. Posteriormente, nos anos 90, a Fundaçom Artábria ten convertido a casa de Carvalho Calero no punto de encontro das conmemoracións anuais á figura e memoria do autor.



A solicitude BIC do ano 2020:
Esta é, por tanto, a situación da vivenda. Ante tal panorama, dende a Asociación Cultural Ferrolterra Antiga considerábamos necesario impulsar un novo enfoque có que quebrar esta situación. En coherencia cos propios fins da asociación, esta achega, loxicamente, debía ser feita dende a perspectiva patrimonial. Por tanto, e en colaboración con outros colectivos (Ateneo Ferrolán, Fudaçom Artábria, S.C. Medulio, A.C. Muiño do Vento, Colectivo Literario Moraima, Grupo de Poesía e Teatro O Faladoiro, Rede do Patrimonio) elaborouse unha solicitude para incohar o procedemento de declaración BIC da vivenda natal de Carvalho Calero. A finalidade era dobre, pois, se ben, a declaración podese servir para dotar dunha protección específica ao inmoble, dentro do BIC do barrio de Ferrol Vello, todo o proceso tamén serviría para definir o valor da vivenda.

A este respecto, dende Ferrolterra Antiga considerábamos fundamental concretar, en base a un criterio obxectivo, a ensencia do valor do inmoble. Isto de cara promover un consenso social e político entorno a necesidade de salvagardar e rehabilitar a vivenda. Para isto, procuraronse referentes en declaracións BIC previas. Así poís, fundamentámonos en dúas declaracións: un caso andalúz, a declaración da casa natal de Cernuda en Sevilla, e mais interesante para o noso caso, a declaraciónda casa de Castelao en Rianxo.

Ámbalas dúas, gardaban paralismos co caso da casa natal de Carvalho, o cal servía para desenvolver a nosa teorización sobre o valor patrimonial de este último inmoble.
De forma resumida, poderíase caracterizar a proposta en estes puntos:

O vínculo de Carvalho con Ferrol:

Polas verbas do propio Carvalho denótase a súa forte indentificación có barrio de Ferrol Vello, pois ben, fora o barrio onde pasara toda a súa infancia. Por tanto, podemos considerar a súa vivenda natal un símbolo deste vínculo.

O vínculo da obra de Carvalho con Ferrol:

Para achegarse a Carvalho e a súa obra é importante considerar o contexto social e cultural no que transcorreron o seu primeiros anos de vida e formación. Así pois, diferentes figuras da época, como os mestres Pereira e Comellas, deberon ter un ascedente sobre Carvalho. Por outra banda, na obra de Carvalho existen múltiples referencias ao barrio e a cidade, estando estos pasaxes inspirados na súas propias experiencias da infancia e xuventude. Precisamente, este é un dos aspectos destacados na declaración BIC da Casa natal de Cernuda. De novo, por tanto, a casa natal de Carvalho aparece como posible símbolo deste vínculo.

O vínculo da memoria de Carvalho Calero coa Casa natal:

Este é o elemento clave que singulariza a casa natal fronte a outros inmobles nos que tamén residíu Carvalho. A diferencia dos anteriores e un elemento externo a propia vida de Carvalho, un vínculo na dirección contraría aos anteriores. Pois este baséase nun constructo creado ao redor da vivenda. Precisamente, na declaración Bic da casa Carvalho Calero desenvólvese esta idea:

"Desde a definición dada por este termo na historiografía, un lugar de memoria non é necesariamente un espazo físico onde nacese ou vivise de xeito permanente un personaxe, senón que a súa vinculación vén dada por feitos singulares, pola asociación no recordo dos contemporáneos e dos que viviron posteriormente, e polo culto e práctica social que directamente poñen de manifesto unha ligazón entre un lugar e un feito, persoa ou colectivo no pasado. É a sociedade, en definitiva, quen constrúe e lexitima un lugar de memoria."

Isto, é perfectamente aplicable ao caso da casa natal de Carvalho, onde, como xa sinalouse, vense producindo homenaxes dende fai 40 anos. Neste tempo, a casa tense convertido no punto referencial da memoria de Carvalho. Tal é o vínculo, que ata a marxinación da figura de Carvalhosimbolizábase na ruiña da súa casa natal.

En definitiva, durante o proceso de elaboración da solicitude, tense demostrado que o valor deste inmoble circunscríbese ao ámbito patrimonial. Por tanto, a vivenda é un ben que debe ser catalogado e preservado polas administracións, isto independentemente dunha posible declaración BIC.

A súa vez, consideramos que o feito pode servir como base para a reivindicación e posta en valor doutros moitos inmobles asociados a memoria doutros tantos persoeiros da cultura galega. Pois, como quedou constatado, existen escasos exemplos de declaracións BIC de inmobles asociados a memoria de escritores e outras figuras.

O manifesto de 2021:
Se ben, por mor da pandemia, tódolos actos de difusión e presentación da solicitude de declaració BIC quedaron pospostos, en abril deste ano, o anuncio por parte do Concello dun anteproxecto para rehabilitación da casa natal de Carvalho abría agora unha nova oportunidade para reinvidicar a rehabilitación do inmoble. Por iniciativa primeira do Bng realizáronse unha par de encontros, nos cales participaron diferentes entidades (Fundaçom Artábria, SC Medulio, Ateneo Ferrolán, AVV de Ferrol Vello, Cerna de Carvalho, Bloque Nacionalista Galego, A.C. Ferrolterra Antiga, Rede do Patrimonio) e que resultaron nun manifesto. Neste documento, expoñese moitas das ideas e puntos de vista compartidos e consensuados polas múltiples entidades que participaron nas reunións. Resumidamente estes serían:

Rexeitamento do anteproxecto.
Aínda que se considera positiva a rehabilitación dos cinco inmobles que abrangue esta proposta, entre eles a casa de Carvalho, considerouse que presenta serias deficiencias. Específicamente, no que respecta á proxección dun plan de usos. Propóñense os usos máis dispares, sen que exista unha coherencia interna entre eles, de feito, esta falta de coherencia interna do proxecto plásmase na proposta arquitectónica do anteproxecto, cunha linguaxe diferente para cada un dos cinco inmobles.

A súa vez, os usos propostos son moi xenéricos e están faltos de xustificación, tal é o caso, da proposta dun coworking ou dunha nova oficina do peregrino, pois na actualidade existe unha no porto. En definitiva, o anteproxecto carece dun plan de uso elaborado, o cal pode supor un importante problema de cara a viabilidade do proxecto

Un proxecto integrador:

Un dos principais puntos de consenso entre as entidades asinantes é que calquer proxecto debería atender as necesidades veciñais, así como, responder as expectativas das entidades valedoras,durante todos este anos, da memoria de Carvalho. Isto pasa, en parte, por xerar espazos onde todas as entidades podan desenvolver os seus actos culturais. Por tanto, o proxecto debera servir para
poñer en valor a memoria de Carvalho, a súa vivenda natal e o BIC de Ferrol Vello, pero, tamén, para dinamizar e revitalizar o barrio. En definitiva, só escointando ás entidades conseguirase elaborar un proxecto viable e satisfactorio.

A figura de Carvalho como eixo da rehabilitación:

Considérase que pola manitude da figura de Carvalho e o seu contributo a Galicia, a reivindicación da súa figura e o seu legado debera ser o centro do proxecto de rehabilitación. Por tanto, calquera proposta debe considerar isto, e, consecuentemente, plantexar un usos coherentes e respetuosos coa memoria de Carvalho, a cal non se debe banalizar. Isto leva, a propoñer que os usos sexan exclusivamente culturais.




Foto: faceebook Ferrolterra Antiga

Así poís, de forma moi abreviada, estes son os puntos esenciais dun manifesto, que foi presentado ante o Concello o pasado 4 de maio e, de novo, reivindicado o pasado 5 xuño, esta vez fronte a casa natal de Carvalho. Isto coa fin de conseguir que o Concello se comprometa realmente coa rehabilitación da vivenda, que non sexa outra promesa irredenta, e que se abra un proceso participativo onde se poidan expoñer e escoitar todas as propostas:
Un arquivo e biblioteca de Carvalho (na actualidade no Parlamento Galego), un museo adicado a Carvalho, un centro investigación de lingüistica, un espazo, do que hoxe o barrio carece, para actividades culurais da veciñanza e os actos conmemorativos de Carvalho (por exemplo, teatro, exposicións, charlas...) unha exposición sobre os aportes feitos dende Ferrol a cultura galega (por exemplo, persoeiros como Benito Vicetto ou fitos como a fundación de Céltiga) un centro de intepretación para a posta en valor do barrio (BIC) de Ferrol Vello, da súa historia e memoria, que serva para reforzar a identidade veciñal (por exemplo, esta podería partir das referencias ao barrio que hai espalladas pola obra do propio Carvalho).

Estas son algunhas das ideas que teñen xurdido durante os encontros das entidades, e que coidamos ponden conxugarse de maneira satisfactoria para todos e todas, dunha forma respetuosa e coherente có valor intrísenco do inmoble, como lugar de memoria vinculado a Carvalho. Isto á par, de xerar un proxecto como moito potencial e dun aproveitamento máximo duns espacios, que agora presentan uns usos claramente definidos.

En conclusión, considérase que este proxecto é esencial para a recuperación do barrio de Ferrol Vello, e por tanto, o Concello debería afrontalo como unha prioridade. Pois o barrio, as veciñas e Carvalho xa foron dabondo relegados.

Plataforma feminista radical

XELA ARIAS

dende a perspectiva feminista



O Día das Letras Galegas deste ano adícase á poeta Xela Arias (Sarria, 1962 - Vigo, 2003) e a Plataforma do Feminismo Radical de Galicia quere facerlle a súa pequena homenaxe como escritora, como muller e como feminista.

O Día das Letras Galegas é un día de homenaxe ás persoas que contribuíron á creación literaria, artística, cultural no territorio galego e na lingua galega. A primeira persoa á que se lle dedicou este día é Rosalía de Castro, no 1963, cen anos despois do centenario da publicación da súa obra Cantares Gallegos (1863). Este inicio, cunha muller reiteradamente referenciada pola súa contribución literaria e as súas reivindicacións feministas e de clase, parece abrir as portas a unha representación equitativa das homenaxes; é dicir, que tanto homes coma mulleres estarían igualmente presentes dentro deste galardón. Mais isto non foi así; das 58 persoas homenaxeadas (entre 1963 e 2021) só cinco foron mulleres (contando con Xela Arias), o que supón un 8,6% do total. Os homes están sobrerrepresentados cun 91,4%.

Xela xa podía sentir no seu contexto vital, co vivir da súa xeración, que as mulleres non atopaban un oco dentro da produción cultural. Como sinala Romaní (2021) "abóndanme os dedos das mans para cita-los nomes das que entre todos eran mulleres novas publicando naquel momento, e hoxe sóbranme os dunha man soa para contar as que sobreviviron daquilo".

No 1991 Xela Arias presentou un artigo sobre mulleres e literatura no Encontro de escritores galegos e portugueses, celebrado en Santiago de Compostela. Neste, segundo recolle *elDiario* (2021), a homenaxeada destas Letras de 2021 criticou a recepción sesgada que sufriu como autora polo feito de ser muller, mentres escritores "pretendidamente feministas" seguían facendo "poemas amatorios onde eles son o lobo e elas as estáticas, inútiles e estúpidas carapuchiñas desexadas de sempre". Este encontro realizouse despois da celebración, en días anteriores, de dúas xornadas sobre poesía e narrativa na que non había presente nin unha soa voz feminina.

Cabe falar a continuación, dunha das obras máis controvertidas de Xela: *Tigres coma cabalos,* posto que nela sae espida acompañando algúns dos poemas que a compoñen. O corpo feminino, visto historicamente como un produto de consumo, obxecto de mercantilización e cousificación, está socialmente en loita contra a corrente patriarcal que o empuxa a limitarse a ser un obxecto de consumo ou un mal insalvable (que debe de ser escondido, tapado). Está claro que a sexualización do corpo feminino é unha realidade, empiricamente contrastable en numerosos eidos. Para Rivas (2021) Xela deixa claro que "non, non buscamos adrede un efecto erótico ou sexual nas fotografías. As fotografías non teñen esa intencionalidade evidente, case publicitaria, de Newton. Se quixeramos facer algo obsceno, fariamos outra cousa". Facendo fronte a un contexto tradicional e sexista a autora arríscase e localízase na vangarda. Tamén apunta que sabe que "ten riscos e que (se) expón a moita frase estúpida, porque de entrada, no libro, a quedada vai ser coas fotos. Pero tamén (sabe) que haberá outra xente que irá máis alá, que valorará o que hai no libro de nova experiencia, de diálogo entre a imaxe e a palabra".

Cómpre comentar unha entrevista realizada a Xela Arias por Manual Rivas, no diario La Voz de Galicia (25 de marzo 1990). Nesta a autora vese interpelada por varios comentarios sexistas que só se farían no caso de que a entrevistada fose unha muller. Por exemplo a pregunta "gústache ir de compras?". Ao que Xela contesta, cun punto de picardía e sarcasmo "non, non me gusta ir de compras. Antes prefiro fregar a casa que ir de compras". Outra resposta destacable, que fai palpable a súa opinión sobre a defensa dos dereitos e liberdades das mulleres é a que responde á seguinte pregunta: "escribícheslle poemas a algún mozo?". Di Xela: "fixen moitos poemas a rapaces. E inventei personaxes a partir deses rapaces como fixestes os homes coas mulleres durante centos de anos".

Xela Arias é considerada unha das voces "máis destacadas da poesía galega contemporánea" e conta tamén cunha importante carreira como profesora, editora e tradutora de clásicos. Forma parte dun grupo de poetas aos que a RAG "pretende recoñecer a través da súa figura: aqueles autores novos que renovaron a lírica en temas, estilo e forma a partir dos primeiros anos dos 80". A que será a protagonista das Letras Galegas do 2021 "concibía a poesía como unha forma de indagar e cuestionar a orde das cousas, de describir "o que se aprende a ocultar" a través dunha poesía "singular, transgresora, sincera e comprometida" Retomaremos, para rematar, a realidade coa que comezamos. A representación e o recoñecemento feminino contraposto ao masculino. A importancia de dedicar e homenaxear ás mulleres, para que poidan ser referentas de todas as que veñen, a importancia da toma de conciencia como suxeitos activos e merecedores de visibilidade. Esta idea pode ser relacionada cunha postura teórica que Amelia Valcárcel (2020a) toma da profesora García de León, chamada: "discriminación de elites".

Valcárcel sinala que “algúns terreos parece que van admitindo mulleres, coa consabida táctica do pouco a pouco, pero non é tan certo. Blíndanse coa excelencia e toleran o xusto para non ser sinalados”.
Neste sistema as mulleres non son concibidas dende a individualidade, paso esencial para poder tomar auto-conciencia de grupo. Así, “os iguais recoñécense coma individuos, polo tanto coma diversos, dotados de esferas propias de opinión e poder. As idénticas carecen xustamente de principio de individuación, de diferencia, de excelencia de rango” (Valcárcel, 2020b).

A pouca representación das mulleres dentro de este día de homenaxe, o Día das Letras Galegas, deixa ver un sistema profundamente desigual onde o talento feminino non é considerado como equipolente ao masculino. Unha das razóns que se atopan baixo esta situación é que “o colectivo das mulleres soportou e soporta o peso dunha identidade que se resolve en figuras finitas, estereotipadas e inaceptables” (Íbid, p.133).

E é que, segundo Romaní (2021) “pois se me declaro inconforme co mundo, se me declaro contradictoria e filla das miñas contradicións (...) a poesía convérteseme nunha táboa de salvación no naufraxio das razóns estritas. Necesidade que xorde da urxencia por entende-lo humano contraposto, pero tamén, e quizais antes, do descontento coa orde establecida, calquera que sexa”.

Xela Arias comezou publicando os seus primeiros versos, na altura dos anos 80, en xornais coma *A Nosa Terra*, *Diario 16 de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Jornal de Notícias do Porto*; ou revistas coma a *Revista Cultural Dorna*, da Illa de Arousa ou a viguesa *Tintimán*. Colaborou tamén, en *Luzes de Galiza* e no *Boletín Galego de Literatura*, importantes publicacións literarias e na Festa da palabra silenciada, publicación que destaca polo seu carácter feminista. O seu comezo no mundo literario coincide coa publicación do seu libro de poemas Denuncia do equilibrio, no ano 1986, que quedou finalista no certame literario Premio Losada Diéguez. Este libro caracterízase por ir a contracorrente da poesía galega daquel momento; nel cuestiónase a orde establecida e amosa o seu desacougo coa vida cotiá, as emocións e o amor, empregando unha sintaxe propia, radicalmente propia, independente e que contén unha importante forza simbólica. A autora anticipou nesta obra as liñas da poesía dos anos 90.

Luz no delirio dos sentidos!
e te preciso cando te agardo non vés nunca e a súplica que molla
desfai un labio
e outro labio que espira nun silencio
compártome
sei que no lonxe das parábolas das frases
cortadas e os puntos a parte son só
medos escorrentados polo teu corpo
soberano dunha idea poderosa que
tal vez suceda e eu non saiba quen es
ti cando te agardo
unhas mimosas podres
auscultadas da xanela ó xardín
hai tantos ruídos nesta rúa...
non tinga-lo cutis
pero ven, como te agardo

Denuncia do equilibrio. (1986)

Precisamente, no 1990, publica *Tigres coma cabalos*, un volume cos versos e fotografía fusionados en 24 poemas acompañados de imaxes de espidos, entre eles o seu propio. Neste proxecto traballa man con man co fotógrafo Xulio Gil. Está considerado o seu libro máis transgresor (actualemente, podemos visitar esta exposición no Museo do Mar de Vigo, ata o 30 de xuño).

Acompáñame
Son dun tempo
de espectáculos,lanternas e acebeches comigo
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.
Na raia da evidencia-tan ás claras
eu tributo,distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no molestar do cotián ese
odioso caníbal dos meus ollos.

Porque
Sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos, e máis das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
Tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio da vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza

Tigres coma cabalos.(1990)

No 1996 publica *Darío a diario*, adicado ao seu fillo, que constitúe o seu terceiro poemario, no que aborda a maternidade desde unha mirada afastada do papel tradicional. Como a propia autora ten explicado, este libro foi no seu principio, “a necesidade imperiosa de explicarlle ao meu fillo o manifesto íntimo e interno de intencións maternas nas que el mesmo, polo feito de existir, me obrigaba a moverme; o compendio de contradicións que a maternidade me provoca”.

Non me gustaban de nena os peluches
e lembran meus pais que non xoguei moito ás bonecas.
Non me deteño a cociñar e na química das quimeras
rocei un xeito de delincuencia xuvenil.
Un xénero feminino algo a desmán
das narracións para o ano en que nacín.

Darío a diario (1996)

O seu último libro, *Intempériome* (2003), editado por Miguel Anxo Fernán Vello no propio ano da morte da nosa autora, chegou como outro chanzo na súa exploración "para converter a desobediencia e a transgresión" en poesía, segundo explica a RAG. Neste libro, emprega unha vez máis a sintaxe propia, que tanto a caracteriza e coa que racha coas convencións lingüísticas, comezando xa polo propio título do libro. É unha exploración do territorio da existencia, do amor e da morte.

Ademais de poesía, escribiu relatos que publicou recollidos no libro *Contos eróticos/Elas*, no ano 1990. Un ano máis tarde, no 1991, colaborou co desaparecido grupo de rock vigués Desertores, aportando a letra das cancións dun dos seus discos, baseadas nos seus poemas.

No ano 1995, traduce ao galego o libro *Cantiga de amor*, do autor valenciano, Vicenç Beltrán Pepió. A súa faceta como tradutora, vaina desenvolver en moitas máis ocasións, traducindo ao galego as obras de autores como Jorge Amado, Camilo Castelo Branco, James Joyce, James Fenimore Cooper; Wenceslao Fernández Flórez, Carlos Oroza, Gianni Rodari, Roald Dahl; Juan Farias, Miguel de Cervantes, Jan Terlouw, Bram Stoker; Angela Carter, Charles Baudelaire e Jean Rhys.

Ademais de como poeta e tradutora, Xela Arias buscaba novos espazos de manifestación en recitais de poesía, exposicións fotográficas ou espectáculos que combinaban poesía e música, como o que estaba a preparar antes da súa morte, co músico Fernando Abreu, sobre o seu poemario *Intempériome*, que nunca se puido chegar a realizar.

A súa obra poética tamén puidemos coñecela a través de libros colectivos como *Palabra de muller* (1992) e *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (1997). Por outra banda, 15 anos despois da súa morte, no ano 2018, publicouse o libro *Poesía reunida*, no que se recollen os libros *Denuncia do equilibro*, *Tigres coma cabalos*, *Darío a diario e Intempériome*, con anotacións da filóloga e ensaísta María Xesús Nogueira, quen destaca da obra de Xela Arias as indagacións nas contradicións do ser humano e da orde social.

Ademais do seu labor literario, formou parte do equipo de Edicións Xerais -onde traballou de 1980 a 1996- contribuíndo a fixar a normativa do galego como correctora de estilo e editora. Nos últimos anos da súa vida, tras licenciarse en Filoloxía Hispánica e en Filoloxía Galego-Portuguesa, foi docente nos institutos de Chapela (Redondela), no Álvaro Cunqueiro e Valadares II (Vigo), A Sagriña (A Guarda), Terra de Xallas (Santa Comba); Paralaia (Moaña), Valle-Inclán (Pontevedra) e Xelmírez II (Santiago).

Un ataque ao corazón foi a causa da súa morte, en Vigo na madrugada do 1 de novembro de 2003. A noticia da súa desaparición colleu de sorpresa ao mundo cultural galego. Acababa de publicar en Espiral Maior, *Intempériome* tras sete anos de silencio poético.
Xela Arias protagonizou no final da década dos oitenta e nos primeiros noventa a progresiva incorporación das voces femininas ao panorama literario galego, moi especialmente no ámbito poético, no que os seus libros foron marcando un camiño para a poesía de muller. A autora será a quinta muller en protagonizar a celebración do 17 de maio, tras Rosalía de Castro --foi a primeira, en 1963--, Francisca Herrera Garrido --1987--, María Mariño --2007-- e María Vitoria Moreno --2018--.

Bibliografía:

elDiario (7 de marzo 2021). elDiario. La RAG publica un artículo sobre mujeres y literatura de Xela Arias. Recuperado de: https://www.eldiario.es/cultura/rag-publica-articulo-mujeres-literatura-xela-arias_1_7282368.html

Rivas, M. (25 de marzo 1990). La Voz de Galicia. "Pero, onde está a miña xeración?". Recuperado de: https://quiosco.lavozdegalicia.es/historico.htm?fechaInicio=25-03-1990&fechaFin=25-03-1990&textoBusqueda=Xela%20Arias&orden=2

Rivas, M. (13 de maio 2021). La Voz de Galicia. Xela Arias, entrevistada po Manuel Rivas: "Pero, onde está a miña xeneración?". Recuperado de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/cultura/2020/12/24/xela-arias-entrevistada-manuel-rivas-onde-mina-xeracion/0003_202012G24P39991.htm

Romaní, A. (2021). Real Academia Galega. Xela Arias. Declárome inconforme. Recuperado de: https://academia.gal/letras-galegas/2021/xela-arias/biografia

Valcárcel, A. (2020a). Ahora feminismo. Cuestiones candentes y frentes abiertos, 6ª ed. Madrid: Cátedra.

Valcárcel, A (2020b). Sexo y filosofía. Sobre mujer y poder. España: Almud ediciones de Castilla-La Mancha.



POESÍA



CARVALHO CALERO

Neste hora na que nos debruzamos
diante das ruínas do teu fogar,
seguimos sentindo,coma ti, un bafo ameazante
as nosas costas,á dereita,á esquerda,arriba,abaixo...

Nesta hora na que maldicimos
tanta soberbia prepotente,ignorante,cruel,
necia, vergoñenta, aniquiladora,
ditadora imperialista vestida de amidón,
non nos quedan máis que palabras de dor e impotencia.

O vento alenta moribundo
apostado nas vigas podres da soidade
e as pedras, outrora estrutura ennobrecida de lealdade
agardan a vinganza da historia,sempre demorada.

A fervenza humana camiña ausente,
inútil loita de quen mantén despregada,
coma un sudario, a bandeira azul e branca da dignidade.

Coma sempre, o eco devólvenos o balbordo
de palabras ouveantes desde os altos podios,
onde os monifates da oficial cultura
expoñen a súa plumaxe inanimada
coma os paxaros disecados da túa avoa nos días de festa.

Nesta hora obrigada da lembranza,
fronte a esta afronta innobre e aleivosa
cargamos este entullo de mortalla
sobre as nosas costas e as dos nosos fillos.

Nesta hora obrigada da memoria,
dobrados os nosos lombos cansos,
escribimos o teu nome insubornable
en sinal de respecto e amor aos devanceiros.

Elia Rico Lagarón



Imaxe de arquivo: Ricardo Carvalho Calero no Ateneo Ferrolán

FERROL

Ateneo Ferrolán
Un lugar de encontro para a cultura